

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

RESOLUCIÓN do 16 de outubro de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se autorizan centros educativos para impartir o bacharelato de especialización en idiomas (PluriBach), para o curso 2017/18.

De conformidade co establecido no artigo 16 da Resolución desta dirección xeral, do 1 de xuño de 2017, pola que se regula o bacharelato de especialización en idiomas (Pluribach), para o curso 2017/18, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro. Autorizar os centros que se relacionan no anexo desta resolución para impartir o programa Pluribach, bacharelato de especialización en idiomas.

Segundo. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpor recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. De non considerar oportuna a interposición do citado recurso, poderán formular directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, conforme se establece na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2017

Manuel Corredoira López

Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

**ANEXO
Centros autorizados**

Cód. do centro	Nome do centro
15026731	IES Campo de San Alberto
32008513	CPR Plurilingüe Santa Teresa de Jesús
32008525	CPR Plurilingüe Divina Pastora
32008941	IES Eduardo Blanco Amor

